



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

**Xullo 2024**

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Xullo 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un incremento do 10,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 12,8 puntos á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,5%, taxa superior en 6,3 puntos á do mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de xullo.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,2% e en España un 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de xullo.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un crecemento do 10,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 12,8 puntos á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,5%, taxa superior en 6,3 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 10,9%, suma 7,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 7,8%. En España a facturación no *Comercio* increméntase o 5,9% e nos *Outros servizos* o 7,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 11%, co que suma 5,6 puntos a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 23,2% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 6,5%, achegando cada unha delas 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* medra o 5,3% mentres que a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 11,7% e o *Comercio ao retalho* o 4,9%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementos rexístranse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (20,8%) e na rama de *Información e comunicacións* (11,5%)

En España, os *Outros servizos* crecen o 7,7%. O maior incremento prodúcese no *Transporte* (9,2%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 2,3% en Galicia e un 3% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como en España mentres que *Comercio por xunto* é o sector con maior caída, -1,9% en Galicia e -1,2% en España.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 8,4% no mes de xullo.


O sector con maior incremento é *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (19%).

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xullo, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. La Rioja (14%), Navarra (11,5%) e Galicia (10,1%) son as comunidades con maior incremento da facturación. Os menores crecementos rexístranse en País Vasco (1,4%), Madrid (2,5%) e Aragón (6,6%).

Nos primeiros sete meses do ano, a cifra de negocios aumenta en dezaseis comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (11,4%), Illes Balears (6,9%) e Navarra (6,6%). Diminúe a facturación en País Vasco (-0,6%) e Aragón (-0,2%).

### Índices de cifra de negocios. Xullo 2024

#### Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,2% respecto ao mes de xullo de 2023, menos que en España (1,7%).

O persoal ocupado crece un 0,8% no *Comercio* e un 1,4% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Venta e reparación de vehículos de motor* (6,2%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,8% no *Comercio* e un 1,7% nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase na *Venta e reparación de vehículos de motor* (2,5%) e na *Hostalería* (2,4%)



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,7% en Galicia e un 1,9% en España. *Información e comunicacións* e *Venda e reparación de vehículos de motor* rexistran os maiores incrementos en Galicia. En España, os maiores crecementos rexístranse en *Hostalería*, *Venda e reparación de vehículos de motor*, *Información e comunicacións* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares*.


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xullo con respecto ao mesmo mes do ano 2023. O maior crecemento rexístrase en Canarias (3,2%) e o menor, en Murcia (0,3%).

No acumulado do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando o maior crecemento Canarias (3,3%).

## Índices de persoal ocupado. Xullo 2024

### Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>148,7</b>	<b>10,1</b>	<b>2,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>151,3</b>	<b>10,9</b>	<b>1,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	150,9	23,2	23,4
Comercio por xunto	157,4	11,0	-1,9
Comercio ao retallo	133,8	6,5	4,1
<b>Outros servizos</b>	<b>142,1</b>	<b>7,8</b>	<b>5,2</b>
Transporte	143,6	9,7	3,0
Hostalería	204,6	-1,8	2,7
Información e comunicacións	131,1	11,5	15,2
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	126,2	20,8	6,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,2	11,5	4,7
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>135,2</b>	<b>6,5</b>	<b>3,0</b>
<b>Comercio</b>	<b>128,6</b>	<b>5,9</b>	<b>1,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	141,5	11,7	9,5
Comercio por xunto	122,6	5,3	-1,2
Comercio ao retallo	138,0	4,9	4,3
<b>Outros servizos</b>	<b>147,1</b>	<b>7,7</b>	<b>5,8</b>
Transporte	141,4	9,2	3,3
Hostalería	207,5	7,0	8,4
Información e comunicacións	124,8	7,1	5,4
Actividades inmobiliarias	132,9	4,9	2,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	131,7	7,7	6,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	177,1	7,9	7,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	151,3	8,4	6,4
Comercio	149,6	14,3	6,5
Transporte	140,1	10,1	4,3
Hostalería	221,4	-0,9	2,5
Información e comunicacións	133,9	10,4	13,8
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,6	19,0	14,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,9	13,2	5,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Xullo 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>135,2</b>	<b>6,5</b>	<b>3,0</b>
Andalucía	135,0	6,7	5,2
Aragón	131,5	6,6	-0,2
Asturias	136,5	7,0	4,4
Baleares, Illes	217,3	8,2	6,9
Canarias	156,7	7,2	5,0
Cantabria	137,3	9,0	5,3
Castilla y León	127,2	10,0	4,1
Castilla-La Mancha	128,2	8,2	4,6
Cataluña	139,5	9,4	3,5
Comunitat Valenciana	135,1	7,7	4,8
Extremadura	130,9	8,3	3,8
<b>GALICIA</b>	<b>148,7</b>	<b>10,1</b>	<b>2,3</b>
Madrid	125,7	2,5	0,8
Murcia	126,7	8,8	2,4
Navarra	135,0	11,5	6,6
País Vasco	124,0	1,4	-0,6
Rioja, La	140,9	14,0	11,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>107,1</b>	<b>1,2</b>	<b>1,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>104,9</b>	<b>0,8</b>	<b>0,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	101,0	6,2	2,9
Comercio por xunto	103,8	0,2	0,8
Comercio ao retallo	106,4	0,1	0,1
<b>Outros servizos</b>	<b>108,5</b>	<b>1,4</b>	<b>2,3</b>
Transporte	101,2	2,9	1,6
Hostalería	119,5	-1,0	2,1
Información e comunicacións	112,2	2,4	4,1
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,9	2,9	2,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,2	1,8	2,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>109,2</b>	<b>1,7</b>	<b>1,9</b>
<b>Comercio</b>	<b>106,7</b>	<b>1,8</b>	<b>1,9</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	105,4	2,5	2,3
Comercio por xunto	103,4	1,4	1,7
Comercio ao retallo	109,1	1,8	1,9
<b>Outros servizos</b>	<b>110,5</b>	<b>1,7</b>	<b>2,0</b>
Transporte	107,6	0,3	1,3
Hostalería	119,5	2,4	2,4
Información e comunicacións	111,8	1,7	2,3
Actividades inmobiliarias	101,0	-0,2	-0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,6	1,9	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,0	2,1	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Xullo 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>109,2</b>	<b>1,7</b>	<b>1,9</b>
Andalucía	108,6	1,7	1,8
Aragón	105,6	1,7	2,2
Asturias	107,8	1,0	1,5
Baleares, Illes	133,9	0,8	2,1
Canarias	112,4	3,2	3,3
Cantabria	108,6	1,4	1,4
Castilla y León	104,7	1,4	1,2
Castilla-La Mancha	107,3	1,2	1,1
Cataluña	111,0	2,3	2,2
Comunitat Valenciana	104,3	0,8	1,5
Extremadura	107,9	1,2	1,1
<b>GALICIA</b>	<b>107,1</b>	<b>1,2</b>	<b>1,7</b>
Madrid	110,0	2,2	2,2
Murcia	109,9	0,3	2,0
Navarra	107,4	1,6	1,2
País Vasco	103,8	1,2	1,2
Rioja, La	105,2	1,4	2,1

Fonte: INE